xurídicas, socioloxía... áreas en que semella existir un claro «nicho de demanda» e un público lector que satisfai, xa en maior, xa en menor medida, as expectativas dos editores en materia de rendibilidade económica. Pero que ocorre coa outra «cultura» de Snow, coas ciencias «da bata branca»: a zooloxía, a medicina, a física, a botánica, as matemáticas, a enxeñaría, a xenética...? Aquí o panorama é radicalmente distinto; con contadísimas excepcións, o retraemento editorial destas ciencias en galego é manifesto e non fai falta un grande esforzo de imaxinación para atopar a causa: unha editorial non é unha ONG, altruísta e desinteresada, e, por moito compromiso que un editor poida contraer coa causa da lingua, busca ante todo e como é natural o imprescindibile retorno do investimento que fai en cada edición, e que, no caso da ciencia, non parece resultar claro (neste sentido, os libros de texto son, naturalmente, outro cantar). Por contraste, a aposta da Universidade de Santiago a prol do impulso editorial da ciencia en galego pode dar forza a este argumento. Coleccións como «Lingua Franca», creada en 1992 co propósito de editar en idioma galego títulos canónicos nas súas especialidades, coa única condición de non teren sido editados en ningunha lingua peninsular, poden ser valoradas positivamente en todos os aspectos menos nos da súa rendibilidade e nivel de vendas. Non cabe dúbida, neste sentido, do impagable contributo que fan á constitución e enriquecemento dun léxico científico galego títulos como, por poñer algún caso, *Introducción á análise numérica matricial e a optimización* ou *Nova enciclopedia de bioética* (este último merecente do premio Irmandade do Libro ao mellor libro do ano 2004). Pero no fluxo «investimento-retorno» (contando ademais coa minuta dos tradutores de obras tan densas e/ou extensas), as cifras son demoledoramente elocuentes. Así é que unha colección, de éxito do punto de vista da súa repercusión cultural, prestixio e calidade, como é «Clásicos do Pensamento Universal», creada en 2002, non podería ir adiante sen o xeneroso mecenado dunha entidade, neste caso financeira, da altura da Fundación BBVA, coeditora da colección xunto coa Universidade. Non é esaxerado afirmar que «Clásicos do Pensamento Universal» está a escribir unha páxina de honra na historia da cultura galega contemporánea: Euclides (*Os elementos*), Isaac Newton (*O sistema do mundo*), Antoine Laurent de Lavoisier (*Tratado de química elemental*), Charles Darwin (*A orixe das especies*), Claude Bernard (*Introducción ao estudo da medicina experimental*), Sigmund Freud (*Introducción á psicanálise*), John von Neumann (*O computador e o cerebro*)... son algúns dos autores e títulos referidos ás ciencias non humanísticas nin sociais que hoxe o público culto pode ler en esmeradas traducións ao galego realizadas dende a lingua orixinal, un

proxecto que, de certo, por razóns estritas de rendibilidade económica, ningunha editorial privada podería asumir.

Como conclusión, semella existiren evidentes diferenzas nas tendencias editoriais do mercado galego: mentres as humanidades e ciencias sociais manifestan unha clara vitalidade en función dun dinámico público demandador, fóra os libros de texto e contadas excepcións non existe oferta de títulos nas ciencias experimentais, exactas, naturais e da saúde, nin sequera de natureza didáctica, como poderían ser os manuais universitarios: na colección da USC «Manuais Universitarios», por certo, só un de quince volumes foi redactado en galego. Outras iniciativas, como a colección «Libro Universitario Galego», creada entre as tres universidades galegas en 2007 para a promoción de manuais e textos de referencia universitarios –tanto orixinais como traducidos doutras linguas–, ficaron, por distintas razóns, en suspenso.

Esta contracción do galego para a expresión da investigación ten igualmente o seu correlato na edición de teses de doutoramento: no treito cronolóxico 1988-2010, dun total de 2198 teses editadas, en diversos formatos, polo Servizo de Publicacións, tan só 207 foron redactadas en lingua galega (o que representa o 9,40%).

UNHA KOINÉ PARA A CIENCIA CONTEMPORÁNEA

Vivimos nun mundo global. O concepto de *global village* emitido no comezo da década dos 60 do pasado século por Marshall MacLuhan cobra agora máis ca nunca todo o seu sentido, e iso que, cando MacLuhan o usou por vez primeira, nin nas súas máis alucinantes fantasías podía pensar en algo semellante á Internet. En efecto, a emerxencia da World Wide Web a comezos dos noventa socavou os alicerces das formas tradicionais da comunicación e dos soportes convencionais da información e da cultura. A máis de vinte anos do invento de Tim Berners Lee, a web 2.0, as interrogantes que formula o «intervalo semántico» entre máquinas e seres humanos e as posibilidades que, en consecuencia, poden agardarse dun novo concepto de web (a denominada «web semántica») debuxan un escenario tecnicamente moi sofisticado e de absoluta ruptura de fronteiras físicas á comunicación; unha, digamos, *planetización* inmediata dela. A tecnoloxía fixo do texto algo máis *plástico* ca nunca: escaneo cun OCR o texto dun libro impreso en 1910; convértoo nun arquivo *.doc*; cópioo, pégo no meu blog e, en décimas

de segundo, a tinta venerable dun volume de máis de cen anos convértese nun texto dixital accesible dende calquera recuncho do planeta na pantalla dun ordenador ou na pantalla dunha iPad ou dun iPhone.

É obvio que todo este proceso globalizador non se acadaría de non mediar unha sorte de «koiné» ou «lingua franca», que necesariamente asumiu a transversalidade idiomática de tantos países diferentes, que fai *tabula rasa* das súas peculiaridades lingüísticas propias e facilita o intercambio internacional de investigacións, experiencias e ideas, algo que *mutatis mutandis* non é ningunha novidade: abonde lembrar que a lei da gravitación universal foi enunciada en latín. No mundo actual esta lingua franca é o inglés, a emerxencia do cal se consolida na mesma medida en que son os EE UU o país que, dende a década dos 60 do pasado século, sinala a pauta na innovación e na comunicación tecnolóxica e científica (a propia Internet é, de feito, un produto xenuinamente norteamericano). A penetración do inglés na expresión científica ten innúmeras manifestacións como elemento imprescindible para garantir a difusión internacional; valla como mero exemplo que todas as revistas científicas do mundo sistematizaron o uso de *abstracts* e *keywords* en inglés dos artigos que publican, independentemente da lingua orixinal en que vaian redactados.

Sobre estes presupostos –e só sobre estes presupostos– semella non existiren demasiados argumentos que estimulen a publicación de ciencia nunha lingua restrinxida a unha comunidade de apenas tres millóns de habitantes, na que tal lingua, ademais, nin sequera é única ou maioritaria senón que convive con outra, compartida como lingua común, co resto do Estado. Pero os presupostos poden ser, claro está, outros: o propio mantemento da lingua, como o máis importante produto cultural dunha colectividade humana, pasa por dotala de amplas capacidades para a expresión lingüística. Neste senso, creo que resulta francamente revelador que unha lingua, como o galego, que hai cen anos apenas si tiña un cultivo meramente literario, e de natureza máis folclórica ca outra cousa, sexa hoxe un idioma rico, estandarizado e perfectamente capaz, como calquera outra lingua de cultura, de trasladar os máis variados e complexos conceptos e matices da expresión científica. Penso, polo tanto, que, lonxe de *papanatismos* e de enxebriños absurdos, resulta perfectamente posible conciliar a realidade dun circuíto científico globalizado, que ten no uso do inglés o seu alicerce, coa normalización dun *feedback* de comunicación científica autores-lectores na lingua de nós, liñas de actuación que en absoluto son excluíntes senón máis ben complementarias. No fondo, acaso non sexa unha cuestión de lingua senón de calidade: se o que

se publica en galego a ten, iso será a mellor garantía da progresiva aceptación do galego como lingua de prestixio na expresión científica. Pero, como é natural, este proceso ten límites que acaso sexa sensato non querer ultrapasar, e atribuírle ao galego capacidades que, pola súa natureza, non é quen de asumir.

Este último argumento responde a outro tema importante e reiteradamente suscitado nos diferentes debates da xornada: a mellor ou peor aceptación do galego nunha revista científica. Dende o meu punto de vista, a cuestión fundamental volve ser a calidade, interese e oportunidade do que se publica, que é a mellor garantía da súa difusión. Na USC temos exemplos de magnífica consideración por parte de bases de datos internacionais (como Scopus), de revistas como a dixital *Estudos de Lingüística Galega* (<http://ilg.usc.es/elg>). Ora, que un soporte idiomático (como se apuntou arriba) máis maioritariamente compartido é clave para unha potencial maior difusión é unha obviedade.

CANDO O FACTOR DE IMPACTO É O REI

E xa que falamos de difusión –máxime unha aldea global como a que habitamos–, a obsesión dos científicos e investigadores contemporáneos polo *impacto* dos seus traballos resulta paradigmática. O proverbio anglosaxón *to publish or to perish* referíase inicialmente á perentoria necesidade para o científico de compartir cos seus colegas os resultados do seu labor. Hoxe significa maiormente que hai que engrosar o currículo a base de publicacións. E, como, ademais da súa cantidade, é preciso medir a calidade e importancia desas publicacións, en 1960 foi creado o Institute of Scientific Information (ISI), que, pola súa vez, creou as bases de datos *Science Citation Index* (SCI), logo fusionada co actual *Journal Citation Reports* (JCR), que miden o FI (factor de impacto) dos artigos publicados en revistas científicas e indexan, a partir deste factor, o valor e alcance mesmo das revistas. En novembro de 2010 só 167 revistas españolas aparecen incluídas en ISI, por suposto todas en castelán e/ou inglés. A única publicación galega que inclúe ISI é a revista de ciencias do mar *Thalassas* (Universidade de Vigo), que se edita exclusivamente en inglés. O FI dunha revista resulta de dividir o número de citas a artigos desa revista polo número total de artigos publicados nos dous anos inmediatamente anteriores ao momento da medición. Como resulta obvio, o FI –fronte ao cal se erguen voces cada vez máis críticas no mundo científico internacional (R. Aleixandre-Benavent, J. C. Valderrama-Zurián e G. González-Alcaide [2007]: «El factor de impacto de

las revistas científicas: limitaciones e indicadores alternativos», *El profesional de la información*, 16, 1)– virá definido fundamentalmente por dúas cousas: a) que a investigación se refira a asuntos de importancia palpitante e que constitúan tamén o *target* da investigación dunha gran cantidade doutros científicos; b) que a publicación estea nunha lingua internacionalmente recoñecida e usada, é dicir, o inglés. Unha vez cumpridas estas dúas condicións *sine qua non*, evidentemente a calidade, rigor, novidade e alcance da investigación en si serán as que eventualmente incrementen o FI. Para ponderar ata que punto é isto así, lembremos que un dos artigos máis citados na historia da ciencia contemporánea é o que, en dúas páxinas do volume 171 da revista *Nature* (25 de abril de 1953), asinaban J. D. Watson e F. H. C. Crick baixo o título de «Molecular Structure of Nucleic Acids», e no que estaban definindo a dobre hélice da estrutura do ADN. Nesta dirección, avaliar en termos de FI (ou outros indicadores métricos como o factor de inmediatez, a vida media citada, etc.) artigos –que, do punto de vista da investigación, poden ser excelentes– sobre os restos da declinación latina no francés medieval ou a influencia europea na narrativa de Álvaro Cunqueiro pode mostrar resultados decepcionantes.

O mundo científico contemporáneo é, xa que logo, moi complexo pero aparece absolutamente dominado por un «circuíto» en que a maior parte dos investigadores (galegos incluídos) queren correr: o que delimitan o ISI e o JCR, e no que a maior parte dos editores de revistas científicas queren estar, o cal ten obvias repercusións sobre o seu soporte lingüístico: revistas francesas, italianas, romanasas, rusas, austríacas e suecas edítanse en inglés como cumprimento dunha das dúas condicións devanditas para figuraren nas bases de datos que sinalan a elite e vangarda da investigación internacional. Debater sobre o papel que se espera asignar neste contexto ao galego pode representar unha interesante liña de discusión e intercambio de puntos de vista.

Como conclusión provisional, e asumindo que é moi matizable –e por isto perfecta para atizar o debate–, eu creo que calidade e idioma son cuestións independentes, malia estarmos moi afeitos á ecuación «calidade = redactado en inglés». Inferir que o que está en inglés é por sistema mellor ca o que está noutras linguas é unha falacia á que, na contorna universitaria, estamos desafortunadamente afeitos.

**A ESCRITA CIENTÍFICA
EN GALEGO NO NOVO
SEMINARIO DE
ESTUDOS GALEGOS**

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Presidente da Xunta Reitora do Seminario
de Estudos Galegos

No ano 1979 fúndase, promovido por Díaz Pardo, o novo Seminario de Estudos Galegos (SEG). A gran maioría dos seus primeiros socios, ademais dos integrantes vivos do vello SEG, estaba constituída por investigadores, técnicos e profesores universitarios. Concibido como unha institución interdisciplinar, organizouse inicialmente en 17 áreas que abranguían desde as ciencias ás humanidades, pasando pola historia, economía, pedagogía, etc. De todos os xeitos, foron sobre todo as áreas correspondentes ás ciencias aplicadas as que lle deron carácter á primeira etapa (1979-1987) do novo Seminario. En 1979 constitúese a Área de Xeoloxía, en 1982 a de Ciencias Agrarias, en 1983 a de Ciencias Mariñas e en 1984 a de Ciencias Biolóxicas. Unha das posibles razóns deste dominio das áreas de ciencias da natureza fronte ás outras podería estar nun contencioso que se xerou co Instituto Padre Sarmiento no relativo á propiedade dos bens do antigo SEG. Os posibles integrantes das novas áreas de historia, artes, pensamento, etc. tiñan, en xeral, vencellos tradicionais co Padre Sarmiento que puideron actuar como freo para a súa incorporación ao novo SEG.

Por outra parte, no caso de áreas como as de ciencias agrarias ou mariñas, con investigadores repartidos entre institucións que non tiñan en xeral unha tradición de colaboración consolidada, o novo SEG ofrecía un campo de xogo neutral no que se podían poñer en común temas compartidos polos investigadores das diferentes institucións sen grandes receos corporativos:

O carácter neutral e non comprometido cos intereses das diferentes organizacións de investigación, do Seminario de Estudos Galegos, semellaba convertilo en unha institución válida para potenciar estes encontros entre os investigadores. Por outra banda o fondo significado galego da institución, avalado polo seu inesquecible precedente histórico, enmarcaba os encontros en unha rexa conciencia colectiva de traballar polo desenvolvemento económico do país, presentándose a tarefa investigadora, no seu horizonte, como un compromiso ético urxente coa nosa realidade («Limiar», *I Xornadas de Estudo sobor dos Recursos Básicos da Agricultura Galega*. Cuadernos da Área de Ciencias Agrarias, 4. Publ. Sem. Est. Galegos, 1983).

Por outra parte, a temática aplicada tiña, naqueles tempos, máis resonancias entre os investigadores que na actualidade, que na súa inmensa maioría están obsesivamente dedicados a implementar o seu currículo con publicacións en inglés e

con temas de atractivo internacional, que non sempre coinciden coas necesidades máis perentorias dos diferentes sectores produtivos do país.

As publicacións do novo SEG chegaron no conxunto das áreas ás cento setenta (Díaz-Fierros, 2006)¹, e dividíanse normalmente en monografías e actas das xornadas de estudo. O uso do galego foi relativamente significativo no conxunto das áreas de ciencias e técnicas, e variaba moito dunhas a outras. Así, por exemplo, a de xeoloxía, polo seu carácter de referente dos especialistas do oeste-noroeste peninsular, utilizou moi pouco o galego; mentres que, polo contrario, a de bioloxía realizou case toda a súa produción nesa lingua. As ciencias agrarias e mariñas situábanse nunha posición intermedia, e dependía moito o uso do galego do carácter das xornadas ou monografías.

Pódese definir 1987 como o inicio dunha nova etapa do Seminario caracterizada pola creación do primeiro grupo de traballo interdisciplinar que se dedicou á Historia das ciencias e das técnicas, así como pola creación da Área de historia medieval, que rachaba co tradicional receo fronte a estas temáticas. O grupo de traballo interdisciplinar de Historia das ciencias e das técnicas denominado «Ramón Aller», en lembranza do seu traballo pioneiro a prol do galego como medio de expresión científica, puxo en marcha un proxecto de realización dun dicionario bibliográfico de científicos galegos que deu orixe a dous volumes (1993, 2005) e que na actualidade está en fase dunha nova reedición, ampliada e mellorada. Así mesmo, editou a revista *Ingenium*, dedicada á historia das ciencias en Galicia, con nove volumes editados. O *Dicionario* editouse en galego e, no caso da revista, a porcentaxe de artigos escritos en galego superaba amplamente o 50%.

En resumo, pódese sinalar que a etapa do novo SEG supuxo unha contribución importante á publicación científica en galego, pois nas actas das xornadas de debate, nos inventarios e nas revistas que promoveu apareceron moitos artigos orixinais nos que se presentaban por primeira vez datos experimentais, dun xeito sistemático, neste idioma. Aínda que está por facer un inventario polo miúdo deste tipo de publicacións, non constituíron un feito anecdótico nin illado. Así mesmo, publicáronse diversas monografías que supuxeron importantes artigos de revisión ou de alta divulgación científica.

1 F. Díaz-Fierros: «O legado do Seminario de Estudos Galegos e o compromiso ético-social da cultura e a investigación», en Isaac Díaz Pardo. *Creación e compromiso na Galicia do século XX*, A Coruña, Deputación, 2006.

Todo iso foi posible, en primeiro lugar, grazas á xenerosidade do Grupo Sargadelos, que lideraba Isaac Díaz Pardo. A súa editorial de Edicións do Castro e as dependencias do Instituto Galego de Información, en Santiago, e Do Castro, en Sada, estiveron sempre, sen ningún xeito de restricións, ao servizo do novo SEG. En segundo lugar, tampouco se pode desbotar o clima de ilusión e de afáns rexeneracionistas que existía nas décadas dos setenta e oitenta. E nas que se formaron, sen dúbidas, os elementos máis activos do novo SEG, moitos dos cales compartían traballos con grupos de perfil máis activista de rúa, como podían ser as sociedades ecoloxistas ou as asociacións culturais. E tampouco se pode ignorar que as carreiras investigadoras ou docentes de moitos dos integrantes destas áreas non estaban sometidas ás presións de traballo actuais, que priman para a promoción profesional as publicacións en inglés e con temas na maioría dos casos bastante afastados das temáticas aplicadas.

Todo este conxunto de factores fixo posible a xeira do novo SEG. Case trinta anos vizosos, nos que un fado de científicos e técnicos, amplo no seu número e variado na súa composición, tentaron, nun exercicio de xenerosidade, dedicarlle parte do seu tempo á causa de Galicia. É posible hoxe poñer en marcha unha experiencia semellante? Unha experiencia que podería ser equivalente na ilusión compartida que se vivía e nos obxectivos últimos que se procuraban, pero, sen dúbida, diferente nos medios que se terían que utilizar, entre os que «a rede» sería claramente a canle de elección.

Os novos investigadores e docentes poderían dedicarlle unha parte do seu tempo a estas tarefas? Pensamos que os condicionantes profesionais actuais non son doados para estas utopías e os que veñen probablemente non serán mellores, pero a historia non está escrita e, ás veces, achega sorpresas inesperadas. En calquera caso, o futuro segue aberto.

Organigrama do novo Seminario de Estudos Galegos (1979)



**ENCIGA: 25 ANOS
PUBLICANDO E VIVINDO
CIENCIA EN GALEGO**

Paulino Estévez

Presidente de ENCIGA

Vou facer, en primeiro lugar, unha presentación da Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA). ENCIGA é unha asociación sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a mellora da calidade do ensino na área das ciencias. Fundada o 16 de xaneiro de 1988, é basicamente unha asociación de profesores que tentan enriquecer a súa formación para conseguir unha mellora na calidade do ensino na área de ciencias, en todos os niveis educativos. Na súa estrutura toma como modelo outras asociacións, fundamentalmente a ASE (Association for Science Education) inglesa e a NTSA (National Teachers Scientific Association) americana.

Cos seus máis de 650 socios, ENCIGA é a asociación de profesorado máis numerosa de Galicia. Entre as asociacións de profesores de ciencias é a máis veterana do Estado español e unha das máis veteranas de Europa.

Para conseguir o seu obxectivo fundamental tenta impulsar e dinamizar os traballos de investigación educativa e intercambio de información entre os asociados tendo como medios para acadalo: o congreso anual, o *Boletín das Ciencias* e reunións e conferencias ocasionais.

O congreso de ENCIGA é o acontecemento anual da asociación que, ademais do fin formativo, terá un fin claramente social: o achegamento e intercambio de experiencias entre todos os asistentes. Lévanse realizado vinte e tres congresos, aos que asisten ao redor de 350 profesores de Galicia, Portugal, do resto de España e tamén, en menor medida, doutros países europeos. Debido ao número de socios portugueses –e como recoñecemento á súa participación durante moitos anos na asociación–, no ano 2006 celebrouse o XIX Congreso en Póvoa de Varzim. Este ano o XXIV Congreso de ENCIGA terá lugar no IES Fontem Albei da Fonsagrada os días 17, 18 e 19 de novembro de 2011. Os congresos constan de conferencias plenarias, relatorios orais de 30 minutos de duración, obradoiros de 90 minutos e sesións de pósters. Cando a ocasión o require, realízanse mesas redondas con varios relatores e un posterior debate. Nos tres últimos congresos –no Carballiño, Silleda e Narón– presentáronse, en total, 185 comunicacións e pasaron polos congresos máis de 1000 persoas.

Unha parte importante das actividades da nosa Asociación está relacionada co estudo, divulgación e investigación de métodos que acheguen a ciencia á sociedade e ao alumnado de diferentes niveis, o que amosa que o profesorado ten un interese especial por conseguir a máxima competencia do alumnado galego nas materias da área de Ciencias. O promover o uso do galego nas publicacións

de ámbito científico e ao mesmo tempo na aula é unha mostra dese intento de chegar a Ciencia á sociedade galega.

O *Boletín das Ciencias* é o medio de comunicación oficial de ENCIGA. Todos os resultados, informacións, artigos de actualidade, etc., tanto dos grupos de traballo como dos socios, canalízanse a través del. A día de hoxe, publicáronse 73 números. Ao longo de todos estes anos, nos 73 números publicados da revista e nos 23 congresos realizados, case todas as publicacións do boletín e das comunicacións dos congresos foron presentadas en galego, o que demostra que é unha lingua tan natural e tan boa coma calquera outra para transmitir e divulgar ideas científicas. Estamos convencidos de que non hai razóns para deixar de usar o galego para falar e escribir de ciencia. O *Boletín das Ciencias* pretende ser unha revista áxil e con reflexos. Publicáronse varios números extraordinarios do *Boletín das Ciencias*: en maio de 1998 abordouse o tema da minaría do cobre e analizouse o desastre de Aznalcóllar (25 de abril de 1988); en maio de 2003 publicouse un número extraordinario dedicado integramente ao desastre do *Prestige*, que se analizaba desde diversos puntos de vista: económico, do dereito do mar, ecolóxico, etc.; o número 60 de xuño de 2006 foi outro monográfico dedicado ao lume e que foi premonitorio dos lumes que ese mesmo verán devastarían Galicia. No número 72 do mes de abril de 2011 abórdase, como non podía ser doutro xeito, o accidente de Fukushima. Os últimos extraordinarios publicados son: un, o número 67 de marzo de 2009, dedicado a Mendeleev co gallo do 150 aniversario da publicación en 1869 da primeira táboa periódica; e outro, o número 70, que é un monográfico de Física. Neste último hai que destacar a colaboración do alemán Jack Steinberger (Nobel de Física en 1988) e do americano Sheldon Lee Glashow (Nobel de Física en 1979).

En xaneiro do ano 2008 puidemos traer ao suízo Richard Ernst (Nobel de Química en 1991) para dar unha extraordinaria conferencia que abriu a todos os que tiveron a sorte de poder asistir a ela. Deixounos unha carta-misiva con algúns consellos e dirixida aos mozos estudantes galegos. Este manuscrito aparece no último número publicado do *Boletín das Ciencias*.

ENCIGA participou, por representación, en todos aqueles congresos, xornadas, simposios, reunións, etc. aos que foi invitada para explicar canto se recolle nestas liñas.

UN POUCO DE HISTORIA

Un colectivo de profesores, dos distintos niveis do ensino, reuníronse no ano 1987 para botar a andar a idea de constituír un grupo de traballo interdisciplinar e preocupado pola mellora da calidade docente.

Xa desde un principio, pensouse na publicación dun boletín, que tivese certa periodicidade e que tratase temas tan variados como: historia da ciencia, presentación de prácticas de laboratorio, saídas de campo ou pola cidade pensando sobre temas de interese na aula, ensaios sobre temas de difícil comprensión polo alumnado, ensaios sobre temas de actualidade –o desastre de Aznalcóllar, o *Prestige* ou o accidente nuclear en Fukushima son exemplos diso–, foros sobre temas de actualidade –os produtos transxénicos, o xenoma, as novas enerxías–, biografías de científicos relevantes, comentarios sobre exposicións ou eventos destacados...

As nosas publicacións van dirixidas ao profesorado de ciencias dos tres niveis de ensino e a nosa principal área xeográfica de distribución é Galicia, aínda que temos presenza doutras e noutras partes do Estado e de Portugal. O *Boletín das Ciencias* recibe orixinais que veñen doutras partes do territorio español e do estranxeiro –Portugal, Bélxica, Cuba, Arxentina, etc.– e distribúese ás sociedades de ciencias do Estado español e ás bibliotecas da área de ciencias e pedagogía das tres universidades galegas.

Desde o punto de vista económico, contribúen de xeito esporádico a Xunta de Galicia, as deputacións e mais os concellos para axudar a financiar as actas dos congresos, a recepción inaugural e algúns complementos, pero sobrevivimos coa cota que pagamos cada un dos asociados e co traballo desinteresado de toda a Directiva. Cómpre pedir en moitas instancias e solicitar moitas axudas, pero vivimos co noso sen depender de ninguén.

Cando xurdiu a asociación, naceu tendo como un dos motivos principais a defensa da nosa fala. Nunca houbo debate sobre o tema, pois naceu coa decisión de expresarnos en galego. Toda a nosa vida é en galego. A lingua oficial é o galego e cando nos enviaron traballos ou comunicacións en castelán, inglés ou outras linguas solicitóuselles permiso aos autores para traducilos ao galego. Na actualidade, se o autor non indica o contrario, tradúcense automaticamente ao galego para publicalos.

Nacemos co pensamento de vivir en galego e seguimos a vivir en galego.

Para máis información: www.enciga.org

**USC-LEXITERM: LINGÜISTAS E
ESPECIALISTAS DEBATENDO
DE TERMINOLOXÍA GALEGA**

Xusto A. Rodríguez Río

Servizo de Normalización Lingüística da usc

Como é de xustiza, quero comezar por agradecerlles aos organizadores o seu convite e que considerasen USC-Lexiterm como unha iniciativa abondo interesante como para ser presentada aquí.

O segundo que quero facer é declarar a miña condición de impostor. Efectivamente, a pesar do que indica o programa, debo confesarlles que USC-Lexiterm non é unha publicación científica. En realidade, é algo moito máis modesto: unha simple rolda de debate centrada na terminoloxía técnica en lingua galega, creada en 2003 por iniciativa do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela (usc).

Por non ter, non ten nin o mérito da orixinalidade, xa que no propio contorno galego existen outros proxectos semellantes (a rolda Terminoloxía do Consello da Cultura Galega, Tradgal ou a rolda do Proxecto Trasno), aínda que cada un deles ten un enfoque específico que non coincide coa finalidade para a que creamos USC-Lexiterm. Esta non era outra máis ca servir como un instrumento de axuda para o traballo terminográfico puntual que se desenvolve no SNL.

Desde a Área de Terminoloxía intentamos poñer ao dispor da comunidade universitaria da USC os termos necesarios para poder producir en galego unha documentación técnica precisa e de calidade en lingua galega. Isto implica traballar tanto na elaboración de glosarios e vocabularios temáticos (traballo terminográfico sistemático) como na resolución de cuestións concretas, xurdidas ao revisar textos especializados ou recibidas como consultas (traballo terminográfico puntual).

Este traballo puntual presenta dúas particularidades que o fan especialmente dificultoso:

1. A diversidade temática

As dúbidas que se nos formulan poden versar sobre os temas máis diversos, e habitualmente con altos graos de especialización. O máis habitual é que os técnicos do SNL non teñamos coñecementos sobre eles, o que nos obriga a documentarnos sobre os conceptos implicados na consulta. En xeral, o inxente volume de información dispoñible na Internet facilita ese proceso, pero tamén comporta outros problemas, como a dificultade para seleccionar fontes de autoridade ou a presenza de datos contraditorios no medio desa enxurrada de documentación.

2. A urxencia

Todo ese proceso de documentación esixe un tempo do que en moitas ocasións non se dispón. Quen consulta unha dúbida, ou quen remite un documento para revisión, solicita uns prazos de entrega bastante curtos, que normalmente se contan en días, ou aínda en horas, e que obrigan a facer reflexións terminolóxicas rápidas das que xorden propostas que só se poden etiquetar como «provisionais».

Coa creación da rolda USC-Lexiterm pretendiamos minimizar esas dúas dificultades, creando unha especie de «gabinete de garda» formado por expertos das máis diversas disciplinas científicas, cos que fose posible comunicarse dunha forma áxil e rápida para formularlles as nosas dúbidas e recibir as súas respostas. Aproveitando o coñecemento especializado dese colectivo, sería máis doado dispoñer dos datos que precisamos para poder ofrecerlles aos usuarios do SNL propostas terminolóxicas de máis calidade nos prazos de tempo de que dispoñemos.

Ademais, pensamos que podía servir tamén como unha vía de difusión de moitas das propostas terminolóxicas que desde o SNL se crean ou se difunden, e intentar aproveitar o potencial multiplicador que os membros da rolda poden ter cando empregan o galego como medio de comunicación da súa actividade docente e investigadora.

A partir de aí, intentamos integrar USC-Lexiterm como un elemento máis da estrutura de ferramentas e produtos terminolóxicos que o SNL pon ao dispor da comunidade universitaria da USC (aínda que a gran maioría deles son accesibles ao público en xeral) e que está formada por:

- un conxunto de vocabularios e glosarios técnicos que supera xa os 20 títulos <http://www.usc.es/snl/term/andel-term_SNL.htm>
- unha base de datos (bUSCatermos) que almacena máis de 150 000 fichas terminolóxicas en lingua galega <<http://www1.usc.es/buscatermos/>>
- un proxecto (Un idioma preciso) que pretende reflexionar sobre termos conflitivos en lingua galega e difundir esas reflexións a toda a sociedade <<http://www.usc.es/snl/term/UIP/index.htm>>
- USC-Lexiterm como foro de debate e discusión de propostas previas á súa divulgación por algunha das outras vías <<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>>

Oito anos despois da súa creación, pensamos que –con períodos de máis e menos actividade– eses dous obxectivos básicos fóronse cumprindo. Neste momento, USC-Lexiterm conta con 184 membros subscritos¹, na súa maioría membros da USC (nomeadamente PDI, pero tamén PAS e algún estudante), pero tamén doutras institucións ou simplemente persoas interesadas na terminoloxía técnica en galego. Durante este período debatéronse dúcias de cuestións das máis diversas disciplinas (meteoroloxía, xenética, dereito, botánica, arqueoloxía...) e cruzáronse cerca dun milleiro de mensaxes.

E de aquí en adiante, seguirá sendo o que os seus usuarios queiran que sexa.

1 A integración na rolda é libre e realízase a través da páxina <<http://listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>>.

CONCLUSIONES

RELATIVAS Á COMUNICACIÓN DA CREACIÓN CIENTÍFICA «EXPERIMENTAL» A PARTIR DE ARTIGOS EN REVISTAS ESPECIALIZADAS, TESES E OUTRAS MEMORIAS DE INVESTIGACIÓN

- a) Nas ciencias experimentais a produción de artigos de revista especializados en galego é moi baixa (do 8 ao 10%) e está centrada fundamentalmente nas ciencias agrarias, mariñas e biolóxicas.
- b) Na actualidade, das dúas revistas de ciencias experimentais que publica a USC, só unha (*Recursos Rurais*) publica cunha certa normalidade artigos en galego, aínda así, nunha porcentaxe baixa. Outras revistas, sostidas por diferentes institucións (universidades, academias), en teoría admiten artigos en galego, pero na realidade son practicamente inexistentes. Unha delas (*Thalassas*) faino xa totalmente en inglés.
- c) A produción de teses de doutoramento en ciencia e tecnoloxía en galego experimentou na USC e na UDC ata finais dos noventa un lixeiro incremento ata acadar porcentaxes entre o 6%-8%. A partir deses anos experimentou un lento e progresivo retroceso en favor do inglés, diminución que tamén se detecta para as publicadas en castelán.
- d) Considérase, como norma xeral, que o idioma dun artigo científico debe estar determinado polo público a quen vai dirixido. Así mesmo, o destinatario natural dun artigo científico é a propia comunidade científica, que é a que o vai interpretar, utilizar e, nos seus primeiros momentos, avaliar mediante o procedemento solidamente establecido da *revisión por pares*. En consecuencia, os artigos científicos en galego terían, inicialmente, como destinatario a comunidade científica galega.
- e) A posibilidade de que outras comunidades científicas, maiormente as lusófonas, poidan ser potenciais receptoras de artigos escritos en galego debe ser considerada, aínda que na actualidade estea pouco desenvolta. Non se pode esquecer que se o contido do artigo é de interese, a barreira lingüística no caso das comunidades de linguas romances é sempre un problema menor.
- f) En determinados campos (no das ciencias da terra, agricultura, etc.) existe a evidencia de que desde que se prima e, en consecuencia, se practica con máis amplitude a publicación en inglés en España, determinadas liñas de investigación foron relegadas ou abandonadas (cartografía,

estudos de campo de carácter extensivo, estudos que se desenvolven en períodos de tempo moi longos –p. e., experiencias forestais–, estudos moi aplicados, etc.).

Por outra parte, apréciase tamén que na orientación dos traballos hai unha tendencia a escoller aqueles temas máis novos e singulares (que son os que terían mellor acollida nas revistas internacionais), que non sempre coinciden con aqueles de maior interese aplicado (p. e., para Galicia). Neste sentido, as publicacións científicas de carácter máis local terían a capacidade de contrarrestar este problema.

- g) En calquera caso, a opción persoal de escribir artigos científicos especializados en galego, ademais das posibles razóns prácticas anteriores, está aberta a consideracións persoais de carácter ético ou sociopolítico, que deberían sempre respectarse e valorarse moi positivamente.
- h) Por outra banda, a difusión por medios dixitais e a tradución semiautomática poden facer irrelevante a lingua en que se escribe un artigo, co cal prima a calidade e se permite que cada quen se exprese na lingua que mellor domine.
- i) Outra opción pouco utilizada, pero que pode posibilitar a edición dixital, é a das edicións completamente bilingües galego / inglés.
- l) Por todo isto recoméndase que, en determinadas revistas, que polo seu campo de traballo ou contidos puidesen ter un público potencial en galego, se articulen os medios necesarios para estimular entre a comunidade científica a produción de artigos orixinais en lingua galega. En calquera caso, a calidade científica do artigo debería ser o único factor determinante para a súa publicación. De todas as maneiras, aconséllase, para facilitar a súa difusión entre outras comunidades científicas, que o seu *abstract* sexa máis amplo do habitual e que todas as táboas e figuras leven unha dobre lenda, en galego e inglés.

RELATIVAS Á FORMACIÓN CIENTÍFICA NO ENSINO UNIVERSITARIO E DE NIVEL MEDIO

- a) A nivel universitario existe unha falta, practicamente total, de libros de texto en galego. En calquera caso, pola experiencia doutras comunidades, non parece moi recomendable, agás polo seu valor testemuñal, a produción de textos orixinais ou traducidos, que dificilmente poderían competir coas actualizacións, que normalmente se fan, de orixinais dun ben recoñecido prestixio. Neste caso, existe tamén a opción de utilizar como textos de referencia os que xa se atopan traducidos ao portugués, para o cal habería que potenciar a súa distribución en Galicia.
- b) A lingua escollida para os libros escritos polo profesorado das nosas universidades e editados polos servizos universitarios é en moitos casos o español, xa que permite acadar unha maior difusión –cando menos no Estado español. Non obstante, a redución de custos nas edicións dixitais ou a produción baixo demanda poderían facilitar as edicións en galego.
- c) Recoméndase, en cambio, a produción en galego de materiais escritos de apoio, como poden ser descrición de técnicas de particular interese, casos prácticos de aplicación na comunidade, determinados textos de interese docente (orixinais ou traducidos), etc.
- d) A docencia en galego de materias de ciencia e tecnoloxía no ensino universitario atópase en niveis moi baixos (próximos ao 5%), polo que se aconsella que se tomen todas as medidas posibles para o seu estímulo.
- e) No ensino medio existe unha ampla produción de libros de texto de materias científicas en galego. Recoméndase, de todas as maneiras, que os exemplos e casos prácticos que conteñan se refiran, dentro do razoable, á realidade do país.
- f) A situación actual, derivada da aplicación do Decreto 79/2010, que limita a presenza do galego en determinadas materias técnicas e científicas (matemáticas, tecnoloxía, física e química, etc.), é totalmente negativa para favorecer o uso do galego como idioma de expresión científico-técnica.
- g) É de salientar a existencia dunha activa e numerosa asociación de ensinantes de ciencias a nivel medio (ENCIGA), que utiliza o galego en todas as súas manifestacións públicas e que edita un *Boletín*, escrito totalmente en

galego, no que colaboraron personalidades internacionais de moi alto nivel científico, mesmo algúns premios Nobel.

Tamén convén destacar o labor da Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) e da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA), así como da Institución Galega de Ciencia (IGACIENCIA).

RELATIVAS Á DIVULGACIÓN DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA

- a) Na comunidade galega, existen excelentes divulgadores científicos que utilizan con asiduidade o galego como forma de expresión oral e escrita. Así mesmo, utilízase unha gran diversidade de formatos para a comunicación da ciencia e algún dos materiais, de maior calidade, foron utilizados máis aló das nosas fronteiras e considerados como fitos de referencia. Con todo, na prensa escrita a presenza do galego nas noticias de ciencia e tecnoloxía é irrelevante.
- b) É de destacar o apoio das institucións públicas (autonómicas, municipais, etc.) a moitos destes proxectos de divulgación, polo que se solicita que non decaia o seu interese neles, maiormente nestes momentos de fonda crise económica.
- c) Convén destacar o conxunto de museos científicos galegos (nomeadamente os da cidade da Coruña), que presentan un excelente nivel e a súa traxectoria está a xerar un público fiel e atento ás súas producións.
- d) Considérase como unha das principais eivas da divulgación científica en Galicia a falla de materiais de primeira man relativos a problemas e realidades propias do país. A escasa produción divulgadora dos científicos e técnicos galegos, que serían os que deberían fornecer maiormente estes temas, está na raíz deste problema.
- e) Deberíase estimular os científicos e técnicos galegos a que todas as publicacións relevantes (ou o conxunto delas) que producisen desen orixe a artigos de alta divulgación para que os divulgadores puidesen obter esta información de primeira man. O sistema galego de avaliación dos méritos dos científicos para a súa promoción profesional debería ter en

conta, como xa se fai noutras comunidades e mesmo no Estado, a produción divulgadora dos científicos.

- f) As oficinas de prensa das entidades dedicadas á investigación científico-técnica (universidades, consellarías, CSIC, etc.), que en teoría poderían desempeñar este papel de ponte entre os científicos e os divulgadores / comunicadores da ciencia, están a realizar un traballo loable. Porén, na realidade, son miradas como entidades ao servizo dos organismos que as promoven e, polo tanto, co obxectivo primeiro, o de defender e promover o seu nome e resonancia pública.
- g) Para superar estes problemas, existen nalgúns países (Noruega, Suecia, Países Baixos, etc.) «plataformas» específicas financiadas polos poderes públicos, pero integradas por persoeiros de recoñecida independencia, encargadas de realizar a recompilación da produción científico-técnica dun país, clasificala, selecciónala e producir a partir dela documentos recompilatorios e sintéticos. A periodicidade da súa información é alta (semanal ou quincenal) e os divulgadores / comunicadores da ciencia poden atopar nela materiais óptimos, obxectivos e actuais, para o seu traballo.
- h) Recoméndase, moi fondamente, poñer en marcha, para a comunidade galega, unha plataforma destas características. Na actualidade, xa existe un portal web impulsado e xestionado pola Xunta de Galicia (www.divulgacion360.org), pero o seu labor é esencialmente o de calendario de actividades. Sería moi útil o desenvolvemento dunha auténtica plataforma en galego de integración e difusión da ciencia.

CONCLUSIÓNS



Inauguración da Xornada



Compoñentes da mesa redonda

